


Orientacións

Plan de Convivencia



Orientacións

Plan de convivencia do centro educativo

Índice

1. Introducción.....	4
2. Proceso de elaboración do plan de convivencia.....	6
2.1. Sensibilización	7
2.2. Análise ou diagnóstico da situación do contexto	7
2.3. Concreción do plan	8
2.3.1. Obxecto, fins e principios do plan.....	9
2.3.2. Obxectivos específicos.....	9
2.3.3 Actuacións, medidas ou programas	9
2.3.3.1 ORGANIZACIÓN XERAL DA CONVIVENCIA DO CENTRO	9
Normas de convivencia do centro	9
Condutas contrarias á convivencia e a súa corrección.....	11
Aula de convivencia inclusiva	11
Protocolos e programas específicos	12
Escola de nais e pais	16
2.3.3.2 ACTUACIÓNS ANUAIS DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	17
2.3.4. Mecanismos de coordinación e colaboración no desenvolvemento do plan.....	17
2.3.5. Seguimento, avaliación e propostas de mellora do plan.....	18
2.3.6. Difusión do plan	20
3. Anexos	21
Anexo 1	22
Anexo 2	25
Anexo 3	27
Anexo 4	29
Anexo 5	34
Anexo 6	36
Anexo 7	37
Anexo 8	39
Anexo 9	40
Anexo 10	41
Anexo 11	45
Anexo 12	46
Anexo 13	47
Anexo 14	48
Anexo 15	50
Anexo 16	53

1. Introducción

O plan de convivencia do centro é o documento no que se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.

A partir da Lei orgánica 2/2006, de educación (LOE), tamén segundo a redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, tal e como se recolle no seu artigo 121.2, unha das tarefas fundamentais que teñen encomendadas os centros educativos é a de elaborar o seu plan de convivencia, que pasará a formar parte do proxecto educativo do centro. Así mesmo, no preámbulo desta mesma norma dise que “ocupa un lugar relevante, na relación dos principios da educación, a transmisión daqueles valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza”. Ademais, “proponse o exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia e a prevención de conflitos e a resolución pacífica destes” como un dos fins do sistema educativo, e para a súa consecución faise extensivo a todos os niveis educativos e a todos os membros da comunidade escolar o obxectivo de traballar “a convivencia e a relación social e exercitarse na resolución pacífica de conflitos”.

A normativa actual da Comunidade Autónoma de Galicia referida á convivencia escolar, é dicir, a actual Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no seu artigo 10, fai mención ao plan de convivencia e normas de convivencia, indicando a súa inclusión no proxecto educativo de cada centro (PEC).

Así mesmo, o artigo 11 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, establece que o proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O devandito plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, obxectivos, directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

Ademais, será ao longo dos artigos 12 ao 17 deste mesmo decreto onde se recollerán os aspectos referidos aos obxectivos, estrutura, actuacións, medidas e programas favorecedores da convivencia e o proceso de seguimento, avaliación, mellora e difusión do plan de convivencia que cada centro deberá ter en conta na súa elaboración.

A elaboración do plan de convivencia non debe entenderse como unha tarefa estritamente burocrática dos centros, senón que suporá a oportunidade dunha reflexión conxunta sobre un dos principais obxectivos do sistema educativo, como é o de ensinar a convivir e ser persoa, desenvolvendo para isto competencias sociais e cívicas. Debe ser un documento realista, útil, dinámico e adaptado ás peculiaridades e necesidades do centro, de aí que sexa conveniente que na súa elaboración haxa o maior consenso posible e participación da comunidade educativa.

O plan de convivencia será elaborado pola comisión de convivencia creada segundo establece a normativa ou, cando esta non estivese constituída, polo equipo directivo, e será aprobado polo consello escolar do centro (artigo 10.1 da Lei 4/2011), estando, polo tanto, representados todos os sectores da comunidade educativa. Os centros docentes privados concertados elaborarán os respectivos plans de convivencia tendo en conta as súas peculiaridades.

Este documento, que se ofrece a modo orientativo, pretende ser unha guía aberta que cada centro deberá adaptar ás súas intencións e necesidades á hora de elaborar o plan de convivencia, e valorar e incorporar aspectos de vital trascendencia como:

- Importancia do plan de convivencia e dunhas normas democráticas de convivencia.
- Necesidades detectadas no centro en relación coa convivencia, e obxectivos que se deben recoller no plan de convivencia para darlles resposta.
- Responsables da elaboración, dinamizadores e participantes.
- Características do centro desde o punto de vista da convivencia (sociais, culturais, físicas, apertura ao contorno, recursos ...).
- Aspectos relevantes sobre os principais conflitos ou alteracións da convivencia no centro (causas, implicados, incidencia na vida no centro, estratexias de actuación ante estes, implicación na súa xestión e resolución).
- Protocolos de actuación ante alteracións da convivencia (conciliación, mediación, acoso...). Posibilidade da existencia dunha aula de convivencia inclusiva.
- Relacións entre os membros da comunidade educativa e colaboración na elaboración do plan de convivencia. Posibilidade da creación dunha escola de nais e pais.
- Actuacións e/ou experiencias favorables á convivencia no centro e outras posibles iniciativas de mellora (lugares, tempos, responsables, coordinación, recursos...): traballo cooperativo, obradoiros de aprendizaxe, formación do profesorado, innovación educativa, currículo da non violencia, educación para a convivencia e cultura da paz, transversalidade...
- A comisión de convivencia (composición, funcións, constitución, actividades, dinamización, infraestrutura e recursos, periodicidade das reunións, actuacións e responsabilidades).
- Relación do plan de convivencia con outros documentos (PEC, NOF, PAT e PAD, principalmente).
- Difusión, seguimento, avaliación e mellora do plan.

2. Proceso de elaboración do plan de convivencia

As fases que hai que seguir no proceso de elaboración do plan de convivencia poden resumirse no seguinte cadro:

	FASES DA ELABORACIÓN	REFERENTES OU INSTRUMENTOS QUE HAI QUE UTILIZAR
1. Sensibilización	<p>1.1. Creación da comisión de convivencia que será a encargada do traballo e divulgación deste entre a comunidade educativa.</p> <p>1.2. Sensibilización sobre a necesidade de promover unha convivencia positiva.</p> <p>“QUE” E “POR QUE” DO PLAN</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Constitución da comisión de convivencia • Campaña de sensibilización. • Reunións explicativas con distintos sectores da comunidade educativa: ciclos, departamentos, titorías co alumnado, ANPA... • Cuestionario de convivencia masivo .
2. Diagnóstico	<p>2.1. Diagnóstico da situación en todos os ámbitos de relevancia para a convivencia. Analizar a realidade, aspectos que funcionan, dificultades e causas profundas.</p>	
	<p>2.2. Características do centro e do seu contorno.</p> <p>“QUE” E “COMO” SOMOS</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Proxecto educativo do centro.
	<p>2.3. Análise da realidade do centro en materia de convivencia e clima escolar.</p> <p>COMO ESTAMOS</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Modelos de rexistro para a análise da realidade do centro en materia de convivencia e clima escolar. • Cuestionarios para a avaliación da convivencia nos centros educativos. • Entrevistas, enquisa, outros.
	<p>2.4. Análise das medidas e actuacións actuais.</p> <p>QUE FACEMOS</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Normas de organización e funcionamento en vigor. • Informes, avaliacións e memorias dos plans do centro que incidan na convivencia escolar. • Contribucións da comunidade escolar. • Análise de accións que xa se realizan no centro en cada ámbito xeral de mellora da convivencia.
3. Concreción do plan	<p>3.1. Definición dos obxectivos do plan e do modelo de convivencia.</p> <p>QUE QUEREMOS</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Valoración das contribucións dos distintos sectores da comunidade escolar. • Priorización das necesidades e obxectivos. Concrecións anuais destes.
	<p>3.2. Rexistro das medidas do plan xa existentes e das novas estratexias de actuación.</p> <p>COMO O FAREMOS</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Propostas de estratexias e actuacións que hai que desenvolver en materia de convivencia escolar.

	FASES DA ELABORACIÓN	REFERENTES OU INSTRUMENTOS QUE HAI QUE UTILIZAR
	3.3. Detección de necesidades: recursos, protocolos etc. QUE NECESITAMOS	<ul style="list-style-type: none"> Determinar recursos materiais e formativos necesarios para o desenvolvemento das liñas de intervención.
	3.4. Planificación, secuenciación e desenvolvemento das actuacións. APLICAMOS	<ul style="list-style-type: none"> Programa de intervención que aborde a construción dunha convivencia positiva, a prevención dos conflitos e a abordaxe destes. Resposta ás necesidades prioritarias e plan de formación cando se requira.
4. Seguimento e avaliación do plan	4.2. Avaliación cuantitativa e cualitativa do desenvolvemento do plan: revisión, propostas de mellora e continuidade. REVISAMOS E PROPOÑEMOS MELLORAS	

2.1. Sensibilización

Coa sensibilización tratarase de concienciar da necesidade de conseguir unha boa convivencia no centro educativo, destacando que se trata dunha responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa.

Tal como se recolle no artigo 6 do Decreto 8/2015, en cada centro educativo créase unha comisión de convivencia, no seo do consello escolar.

As normas de organización e funcionamento dos centros privados concertados preverán a existencia dunha comisión no seo do consello escolar coas mesmas competencias que se lle atribúen no Decreto 8/2015 á comisión de convivencia do consello escolar dos centros públicos.

A comisión de convivencia será a encargada de traballar esta sensibilización e da súa divulgación a todos os sectores da comunidade educativa.

(Anexo 1).

2.2. Análise ou diagnóstico da situación do contexto

O diagnóstico é o punto de partida para coñecer o estado da convivencia no centro e, de ser o caso, da conflictividade detectada neste. Este diagnóstico sitúanos na realidade e proporciona un perfil concreto do centro e recollerá, cando menos e segundo se recolle no artigo 14 do Decreto 8/2015, os seguintes aspectos:

- Características do centro e do seu contorno que contextualizan a intervención educativa.
- Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia.
- Estado das relacións e participación na vida do centro por parte do profesorado, do alumnado, das familias e do persoal de administración e servizos e de atención educativa complementaria, así como doutras institucións e entidades do contorno.

- Conflitividade detectada no centro, indicando o tipo e número de conflitos que se producen e os sectores implicados nestes.
- Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade destas.

Con este diagnóstico preténdese abordar a análise da convivencia escolar en profundidade, coñecer que ocorre, por que ocorre, que se necesita mellorar, que se pretende, con que recursos se conta....

No diagnóstico de necesidades deberá recollese información significativa que represente os distintos puntos de vista dos integrantes da comunidade educativa.

As afirmacións que se deriven dos resultados débense basear en evidencias e non en apreciacións persoais polo que, na medida do posible, deberán indicarse as fontes de información utilizadas.


Como conclusión, cómpre indicar que este nivel de análise guiará a elaboración dun plan de convivencia axustado á realidade de cada centro e facilitador, polo tanto, do establecemento dunha óptima convivencia.

A Consellería pon a disposición dos centros un cuestionario, dispoñible na páxina <https://www.edu.xunta.es/convivenciaxestion/>, que permitirá un diagnóstico básico de cada centro, sen prexuízo do seu enriquecemento mediante outras ferramentas e recursos.

2.3. Concreción do plan

Nas fases previas de sensibilización e diagnóstico, o centro definiu o modelo de convivencia que quere desenvolver e a súa situación de partida. Unha vez analizada esta situación, e tendo en conta os fins e principios informadores da convivencia que se recollen na normativa, cada centro formulará e priorizará os obxectivos que desexa conseguir, as actuacións que se desenvolverán para conseguilos, así como os responsables da súa posta en práctica, sen esquecer as pautas para o seu seguimento e avaliación, xunto coa súa difusión.

Este documento deberá ter un carácter plurianual e de permanencia na súa estrutura aínda que procederá realizar concrecións anuais que reflectan e respondan ás necesidades que cada curso se produzan no centro. Estas concrecións anuais serán obrigatorias no referido aos apartados a), b), c) e d) do artigo 13 do Decreto 8/2015.



2.3.1. Obxecto, fins e principios do plan

O plan de convivencia, que terá como referentes os fins e principios informadores da convivencia nos centros docentes, recollidos no artigo 3 da Lei 4/2011, explicitará aqueles principios consensuados pola comunidade educativa que rexerán todas as actuacións e intervencións.

Na Comunidade Autónoma galega, os obxectivos xerais do Plan de convivencia, aparecen regulados no artigo 12 do Decreto 8/2015 e relaciónanse cos fins e principios regulados no artigo 3 da Lei 4/2011, tal como se recolle no Anexo 2.

2.3.2. Obxectivos específicos

Neste apartado deberase recoller a formulación dos obxectivos consensuados que o centro se propón acadar na mellora da convivencia, atendendo ao diagnóstico elaborado, e explicitaranse de forma específica para cada curso escolar, redactados e descritos de forma que faciliten a súa avaliación. (Anexo 3).

2.3.3 Actuacións, medidas ou programas

Trataranse de recoller neste apartado, primeiramente, as liñas xerais de actuación con intención de permanencia (organización xeral da convivencia no centro) e, a continuación, as actuacións anuais do plan de convivencia que se desenvolverán en cada curso.

As medidas que o centro seleccione deben cumprir algúns requisitos:

- Ser acordes cos obxectivos e principios do modelo de convivencia definido e asumido polo centro.
- Establecer tanto medidas de carácter preventivo (traballan a convivencia para evitar que se produzan situacións de risco e/ou conflito) como de intervención (actúan cando os conflitos ou situacións contrarias á convivencia se manifestan).

Entre as actuacións, medidas ou programas que hai que desenvolver para favorecer a convivencia cabe destacar as recollidas no artigo 15 do Decreto 8/2015.

Este rexistro de medidas debe ser produto do acordo e compromiso de toda a comunidade educativa para previr os posibles problemas de convivencia e mellorar as relacións da comunidade escolar.

2.3.3.1 ORGANIZACIÓN XERAL DA CONVIVENCIA DO CENTRO

Normas de convivencia do centro

As normas de convivencia axudan a regular comportamentos e describen con precisión as accións que deben poñerse en práctica así como as correccións polo seu incumprimento. Deben conducir sempre a unha mellora educativa, tendo presente que os dereitos dos membros da comunidade educativa deben estar salvagardados. Polo tanto, a súa redacción deberá realizarse con espírito positivo e favorecedor da convivencia, e sempre en coherencia e respectando as normas nas que se ampara.

As normas de convivencia do centro que se concreten neste documento axustaranse á Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, ao Decreto 8/2015 e ás disposicións que a desenvolvan.

Estas normas deben difundirse entre o profesorado, o alumnado e as familias, sendo necesaria a súa revisión periódica para que sempre sexan relevantes e útiles. Ademais, poderán concretarse para cada aula.

As normas de convivencia poderán recoller aspectos referidos a:

- Aspectos xerais da convivencia no centro e normas que garanten a execución do plan de convivencia previsto no proxecto educativo.
- Actividades prohibidas, con indicación da/s norma/s en que se sustenta a prohibición.
- Condutas contrarias ás normas de convivencia do centro. O procedemento corrector.
- O incumprimento das normas. Responsabilidade de reparar danos.
- A mediación.
- O procedemento conciliado.
- Normas para a organización e o uso das instalacións, espazos, recursos e servizos educativos do centro e a circulación de persoas:
 - Referidas ao acceso, circulación e saída do centro e a vixilancia (acceso dos distintos membros da comunidade educativa ao centro, acceso de axentes externos, circulación de persoas no centro, protocolos en xeral e en particular de entrada e saída de alumnos durante a xornada escolar...).
 - Referidas ao uso dos espazos (aulas, laboratorio, ximnasio e demais instalacións deportivas, salón de actos, sala de “usos múltiples”, sala de medios audiovisuais, biblioteca, patios, aseos...).
 - Referidas ao coidado, conservación e reparación das instalacións, mobiliario, material e outros recursos, bens e/ou obxectos de valor dos distintos membros da comunidade educativa, armarios do centro, servizo de reprografía...).
 - Referidas aos recursos e servizos educativos: centro de recursos, a administración, secretaría e xestión, xornada escolar, procedementos para a atención do alumnado nas ausencias de clase do profesorado, profesorado de garda, procedementos de atención dos alumnos por ausencias ao centro do profesorado, material didáctico e outros recursos.
- Normas referidas á asistencia e puntualidade de todo o persoal e alumnado, así como ao absentismo escolar: faltas de asistencia e puntualidade e requisitos para a súa xustificación, motivos para esta xustificación, número máximo de faltas de asistencia e procedementos de xustificación, outras faltas...).
- A indumentaria persoal: ordinaria, clase de educación física e actividades deportivas, indumentaria en actividades fóra do recinto escolar, as gorras e os adornos corporais, excepcións á indumentaria xeral (sobre todo por motivos de saúde)...
- Captación e difusión de imaxes, gravacións...
- Intimidade, imaxe persoal e protección de datos de carácter persoal, dereito á honra.
- As videoconsolas e outros aparatos similares.
- Normas de convivencia nos servizos complementarios: comedor e transporte escolar.
- Normas nas actividades complementarias (saídas do recinto escolar dun só día, ratios profesorado-alumnado, autorización de pais ou titores, saídas do recinto escolar superiores a un día, información da actividade, comunicacións, memoria da actividade,

actos académicos, actividades culturais...), actividades extraescolares (actividades de participación do centro, actividades de asociacións de alumnado, de pais e nais de alumnado, de corporacións, entidades sen ánimo de lucro...) e outras actividades non docentes.

As normas de organización e funcionamento (NOF) son un documento que establece a forma democrática de organización que adopta cada centro tomando como base os dereitos e obrigas que lle corresponden a cada integrante da comunidade educativa. O documento coas NOF axustarase ao establecido na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, e ao Decreto 8/2015 e outras disposicións que os desenvolvan, así como ao establecido nos ROC correspondentes, no Estatuto dos traballadores, na Lei de función pública de Galicia e normativa que a desenvolve, na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, e deste documento emanarán as normas de convivencia, que forman parte do plan de convivencia.

Condutas contrarias á convivencia e a súa corrección

No plan de convivencia deberá establecerse o procedemento para a recollida das incidencias ou incumprimento das normas de convivencia e, considerando a súa tipoloxía, estableceranse as condutas contrarias á convivencia e as correccións que correspondan ao seu incumprimento que, de ser o caso, se aplicarán de conformidade co establecido no capítulo II do título III da Lei 4/2011 e no título III do Decreto 8/2015, e demais normativa que sexa de aplicación.

Ademais das condutas tipificadas na normativa referida, consideraranse tamén aquelas que sexan contrarias ás normas de convivencia establecidas no plan de convivencia, e a súa corrección axustarase á normativa referida anteriormente.

Aula de convivencia inclusiva

A consellería con competencias en materia de educación regula o réxime de funcionamento das aulas de convivencia inclusiva previstas no artigo 19.3 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, cuxa vocación é substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible, na forma que se recolle no artigo 8.4.d) deste decreto.

O plan de convivencia incluirá, en relación coa aula de convivencia, os seguintes aspectos:

- Criterios e condicións para a atención do alumnado na aula de convivencia inclusiva e actuacións que se desenvolverán nesta, segundo os criterios pedagóxicos que para tales efectos poida establecer a comisión de coordinación pedagóxica.
- Profesorado que atenderá educativamente a aula de convivencia inclusiva, dentro do seu horario regular de obrigada permanencia no centro, que poderá ser profesorado de garda. Para a atención da aula de convivencia poderase contar coa colaboración do departamento de orientación. En todo caso, correspóndelle ao profesorado encargado

da aula de convivencia inclusiva supervisar as medidas e actuacións propostas para o alumnado.

- Programación das actuacións do departamento de orientación do centro encamiñadas a favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado atendido na aula de convivencia inclusiva, que favorezan actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia.
- Horario, localización, instalacións e material didáctico con que conta a aula de convivencia inclusiva para o seu funcionamento.

A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras, se fose menor de idade non emancipado/a.

Protocolos e programas específicos

No plan de convivencia poderán incluírse cantos protocolos se consideren oportunos e necesarios para a mellora da convivencia en cada centro educativo, pero hai unha serie de protocolos que pola súa importancia cómpre incluír.

Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso

Na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, abórdase por primeira vez no plano lexislativo o tratamento de situacións de acoso, partindo da definición destas situacións de acordo cos criterios xeralmente admitidos pola comunidade pedagóxica, e inclúe a problemática derivada do mal ou inadecuado uso das novas tecnoloxías. Recóllense, ademais, os principios de protección integral das vítimas e de primacía do interese e protección destas no tratamento do acoso escolar.

Finalmente, e xa no seu artigo 30, dispónse que cada centro docente incluírá un protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar no seu plan de convivencia.

Para que os centros educativos poidan incorporar este protocolo, ao seu plan de convivencia, a Administración educativa pon á súa disposición un protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso (dispoñible en educonvives.gal), a través das instrucións do 17 de xuño de 2013, que veñen de ser revisadas tras a publicación do Decreto 8/2015.

O protocolo de actuación estandarizado ten por obxecto que o profesorado dun centro educativo saiba como actuar ante posibles casos de acoso, sendo imprescindible que se actúe de xeito inmediato e decidido tanto co alumnado implicado (presunta vítima, presuntos agresores e espectadores) como coas súas familias.

O protocolo estandarizado é prescriptivo para os centros escolares e contribúe a organizar a intervención, concretando as fases e dimensións que se deben establecer, proporcionando pautas de actuación ou orientacións en situacións nas que se require un procedemento sistemático para a identificación e resolución do problema.

O documento tamén ofrece un bloque de estratexias de prevención que os centros educativos deberán poñer en práctica co obxecto de previr a aparición de situacións de acoso escolar ou mesmo doutras situacións contrarias á convivencia escolar.

Estas estratexias de prevención incluíranse no seu plan de convivencia, así como nas súas normas de organización e funcionamento (NOF), dentro do marco do proxecto educativo, para favorecer a convivencia no centro.

Protocolo ou programa de mediación

O artigo 10 da Lei 4/2011 indica que no plan de convivencia se integrará a mediación na xestión dos conflitos.

Ademais, o artigo 8.1.g) desta mesma lei indica como un dereito do profesorado o de acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

No artigo 26 do Decreto 8/2015 defínese a mediación como unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos, na que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas.

Así mesmo, potencia a utilización da mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa, con independencia dos procedementos correctores das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

Cabe destacar que a mediación non substitúe o conxunto de normas que elabora un centro escolar a través do seu plan de convivencia, pero si é un método construtivo para a resolución pacífica de conflitos:

- Como unha medida previa naqueles conflitos para os que as normas de convivencia no centro educativo prevexan algún tipo de sanción, xa que as diferentes accións que a mediación pon en marcha poden favorecer a aprendizaxe das habilidades sociais necesarias para mellorar a convivencia.
- Como unha medida para a resolución daqueles conflitos nos que non se produce unha transgresión a ningunha norma de convivencia do centro, pero nos que a mediación ofrece a posibilidade de abordalos de forma pacífica e dialogada.
- Como unha medida posterior, reparadora, en casos de disfuncións á convivencia, abordados segundo o previsto na normativa, pero nos que ademais das medidas que o centro educativo adopte, a mediación preséntase como unha oportunidade de reconstrución, reconciliación e resolución.

Neste mesmo artigo 26 do Decreto 8/2015 indícase que o plan de convivencia incluírá as directrices para a creación dos equipos de mediación, as características do seu funcionamento e as pautas de actuación que cómpre seguir para derivar un caso de conflito cara á mediación.

Selección das persoas mediadoras

- No artigo 6.4.e) do Decreto 8/2015, no que respecta ás funcións que a comisión de convivencia exerce por delegación do consello escolar, aparece a de “Propoñerlle, de ser o caso, ao director do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación”.
- No artigo 8.2.b) desta mesma norma indícase dentro das funcións do equipo directivo a de “garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas disciplinarias e o desenvolvemento dos procesos e procedementos que se establecen no decreto” e no

artigo 8.4.c), nas funcións do xefe de estudos, a de “promover o exercicio da mediación que se leve a cabo no centro”.

Formación en mediación

- No artigo 22.2, no que se refire á formación en materia de convivencia, indica que o centro docente, no marco do seu plan de convivencia, establecerá as actuacións correspondentes de formación do profesorado, alumnado, familias e persoal non docente en relación coa convivencia escolar. De ser o caso, parte destas actuacións formativas poderán realizarse de forma conxunta.
- No punto 4 do artigo 48, de inicio do procedemento corrector, indícase que a dirección do centro educativo deberá encomendar a instrución dos procedementos correctores ao profesorado que teña un bo coñecemento do centro e da súa comunidade educativa e, de ser posible, que teña experiencia ou formación en convivencia escolar, mediación e na resolución de conflitos no ámbito escolar.

Características da mediación escolar

- Voluntariedade
 - A mediación non pode impoñerse, acódesse a ela voluntariamente, tanto para as partes implicadas no conflito, como para a persoa mediadora. Estas acóllense libremente á elección ou non da mediación, e poden renunciar a ela en calquera momento do proceso.
 - A mediación é un proceso de comunicación en liberdade ante unha terceira persoa, que realiza o papel de mediador ou mediadora, e que garantirá que as partes se comuniquen desde o respecto e busquen as solucións aos seus conflitos.
- Imparcialidade ou neutralidade da persoa mediadora
 - A persoa mediadora non é a responsable da resolución, senón que dinamiza o proceso, axuda as partes en conflito para que busquen, atopen e adopten unha solución positiva para ambas.
 - A persoa mediadora non xulga nin arbitra, marca as regras do xogo e emprega técnicas que axuden a que as diferentes partes en conflito verbalicen os seus problemas, sentimentos, emocións, posicións, intereses e necesidades, e que pacten unha solución e se comprometan a respectala. Para isto deberá controlar minuciosamente o cumprimento das normas no proceso, pero nunca alteralo.
 - Son facilitadoras do diálogo, de restablecer o proceso de comunicación e de conseguir o acordo entre as partes.
- Compromiso
 - As persoas que acceden a tomar parte na mediación son responsables da transformación do seu conflito. O acordo a través do cal se resolva o conflito depende exclusivamente da vontade das partes. Á mediación pode acudir o alumnado, o profesorado, o persoal non docente do centro e as familias do alumnado, é dicir, toda a comunidade educativa, en función do que o centro determine no seu plan de convivencia.
- Confidencialidade
 - Principio que obriga os implicados a non revelar a información confidencial que se obteña. Todo o que ocorra durante o proceso de mediación e o que alí se diga é confidencial.

Estrutura básica dun protocolo para a implantación dun programa de mediación

▪ Servizo de mediación

A implantación dun servizo de mediación require discusión nos órganos de coordinación docente, presentación ao claustro, información á ANPA e á xunta de delegados e aprobación por parte do consello escolar.

▪ Protocolo de actuación mediadora

A xestión da mediación implica a definición dun protocolo de actuación que asegure unha coherencia en todo o proceso e co que debe familiarizarse toda a comunidade educativa. Debe existir un amplo consenso na súa implantación: como se accede á mediación, cando se media, onde se media e a relación entre mediación e as NOF son os puntos esenciais que se recollerán nel.

▪ O programa de mediación establecerá os seguintes elementos:

- Constitución do equipo coordinador e/ou mediador.
- Definición de recursos e condicións.
- Deseño básico do programa. Proceso e efectos da mediación.
- Inserción do programa no plan de convivencia.
- Sensibilización e difusión.
- Actuacións formativas.
- Posta en marcha do programa.
- Avaliación do programa.

Conflitos susceptibles ou non de mediación

▪ Non todos os conflitos son susceptibles de tratarse a través da mediación.

▪ O plan de convivencia incluirá o procedemento xeral para derivar un caso de conflito cara á mediación escolar, que tipo de casos son derivables (segundo a normativa ao respecto), a que tipo de compromisos se pode chegar, o proceso que hai que seguir e o seu remate.

▪ Deberá incluír o procedemento para a comunicación á comisión de convivencia do centro, ao titor e á familia do alumnado implicado.

▪ Será a persoa responsable da dirección quen, por petición de calquera membro da comunidade educativa, lle poderá ofrecer ao alumnado implicado en condutas contrarias ás normas de convivencia a posibilidade de acudir á mediación escolar, deixando constancia escrita da aceptación das condicións por todas as partes, así como do compromiso de que, en caso de acordo, se aceptará a realización das actuacións que se determinen.

▪ O centro potenciará a formación en mediación dos membros da comunidade educativa: profesorado, persoa responsable da orientación no centro, alumnado, membros da comisión de convivencia, delegados e delegadas de nais e pais e titores e titoras.

A utilización da mediación é un recurso que non exime de dar cumprimento ao procedemento legal para as condutas graves, senón que o complementa, facilita e dá coherencia educativa.

Programas que contribúan á adquisición de habilidades e competencias sociais

Os programas que contribúan á adquisición de habilidades e competencias sociais, ou actuacións similares que contribúan a un desenvolvemento equilibrado das competencias persoal e social, son fundamentais como medida de prevención para evitar que nos centros educativos se produzan condutas que alteren unha desexada convivencia entre os diferentes membros da comunidade educativa.

A Lei 4/2011, no seu artigo 19, destaca, entre os programas e actuacións complementarias as medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, a elaboración e desenvolvemento por parte do departamento de orientación de cada centro docente dun programa de habilidades sociais dirixido fundamentalmente ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas e que ten como finalidade mellorar a súa integración no centro docente.

Ademais, tanto a citada lei como o artigo 24 do Decreto 8/2015 establecen este tipo de programas tamén para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas nesta sección, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, ou mesmo para a súa atención na aula de convivencia inclusiva, tal como se mencionou anteriormente.

Estes programas aplicaranse en colaboración co profesorado titor e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar o resto do profesorado e as familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas. (Anexo 4).

Escola de nais e pais

No desenvolvemento normativo actual, en materia de convivencia, amósase grande interese polo papel que as familias do noso alumnado desenvolven en todo o seu proceso educativo e, polo tanto, trátase de ofrecer diferentes vías de participación.

Tendo en conta este desenvolvemento normativo, cómpre indicar que o plan de convivencia de cada centro recollerá, de ser o caso, a creación da escola de nais e pais do centro, segundo se indica no artigo 27 do Decreto 8/2015:

- Finalidade da escola de nais e pais: propoñer iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo. Estas propostas serán elevadas ao consello escolar de cada centro e serán recollidas na memoria anual da comisión de convivencia.
- Compromisos das nais e pais, ou titoras e titores, referidos á convivencia nos centros educativos:
 - Contribuír ao crecemento persoal dos seus fillos ou fillas a través do diálogo e da educación en valores, desenvolvendo unhas axeitadas normas de convivencia no contorno familiar.
 - Desenvolver a súa potencialidade como educadores dos seus fillos ou fillas.
 - Recoñecer o seu papel como axentes educativos, xunto co profesorado, actuando como portadores de aspectos significativos para o desenvolvemento integral dos seus fillos ou fillas.
 - Mellorar as condicións afectivas, sociais e escolares que lles faciliten a aprendizaxe aos seus fillos ou fillas e un desenvolvemento harmónico da súa personalidade.

Ademais, no citado plan, estableceranse e concretaranse as condicións de creación, o funcionamento, horarios e lugar de reunións.

2.3.3.2 ACTUACIÓNS ANUAIS DO PLAN DE CONVIVENCIA

Cada centro educativo planificará as actuacións que hai que desenvolver en materia de convivencia a través dunha concreción anual do seu plan de convivencia, que formará parte da programación xeral anual, e que deberá explicitar, para cada un dos obxectivos específicos que se marque o centro en función das súas necesidades, os seguintes apartados:

- Concreción das actuacións, que se poden catalogar en referencia a:
 - Organización (Anexo 5).
 - Formación (Anexo 6).
 - Relacións interpersoais (Anexo 7).
 - Intervención directa (Anexo 8).
 - Difusión entre todos os membros da comunidade educativa (Anexo 9).
- Relación entre as actuacións do plan de convivencia e outros documentos do centro (Anexo 10).
- Os responsables das actuacións (Anexo 11).
- A temporización e os recursos (Anexo 12).
- Os indicadores de logro e os instrumentos de avaliación (Anexo 13).

Nos anexos recóllense exemplificacións para cada un dos apartados sinalados.

No anexo 14 ofrécese un modelo xeral de táboa para calquera concreción, que poderá ser adaptado segundo as necesidades de cada centro, e algunhas exemplificacións baseadas nalgunha das actuacións anteriormente citadas.

2.3.4. Mecanismos de coordinación e colaboración no desenvolvemento do plan

O plan de convivencia recollerá os mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.

Ademais, desenvolveranse de maneira coherente, coordinada e desde o compromiso de todos os membros da comunidade educativa todas as actuacións que se seleccionen na súa concreción anual, destacando en todo caso:

- Actuacións previstas para a consecución dos obxectivos, explicitando para cada unha destas as persoas responsables, os recursos dispoñibles e os procedementos que se deben seguir.
- Actuacións conxuntas dos órganos de goberno e de coordinación docente do centro en relación co tratamento da convivencia neste.
- Actuacións conxuntas dos equipos docentes do centro, en coordinación cos que exercen a orientación, para o tratamento da convivencia nos grupos de alumnos e alumnas.

- Actuacións da titora ou do titor e do equipo docente de cada grupo de alumnos e alumnas para favorecer a integración do alumnado de novo ingreso, tanto na aula como no centro.
- Actuacións específicas para a prevención e o tratamento da violencia sexista, racista e calquera outra das súas manifestacións.
- Relación cos diferentes sectores institucionais e sociais do contorno que poidan participar no plan de convivencia, especificando o seu modo de participación e de colaboración.
- Estratexias e procedementos para realizar a difusión, o seguimento e a avaliación do plan.

2.3.5. Seguimento, avaliación e propostas de mellora do plan

Logo da fase de concreción do plan de convivencia, na que se seleccionan os obxectivos que se pretenden conseguir e se deseñan as accións para a súa consecución, é necesario elaborar o seguimento e avaliación do plan. Trátase de valorar e mellorar as accións proxectadas para que sexan accesibles, aplicables e eficaces e, de ser o caso, propoñer novas accións.

Cada centro educativo establecerá os mecanismos e indicadores para o seguimento e avaliación do plan de convivencia.

Coñecer de cerca a posta en práctica do plan de convivencia permitirá detectar os desaxustes ou dificultades e, con isto, poder corrixilos no momento en que se produzan, garantindo así o seu correcto desenvolvemento.

A comisión de convivencia terá a tarefa de facer un seguimento periódico e sistemático deste e, xa que na súa composición están representados todos os sectores da comunidade educativa, serán os seus membros os encargados de recoller a información de cada un dos seus estamentos para a súa análise, valoración e propostas de realizar os axustes necesarios de xeito inmediato.

Partindo dos indicadores de logro propostos na concreción das actuacións que se van desenvolver e tendo en conta todo o proceso, elaboraranse as ferramentas necesarias para a observación e recollida da información necesaria para a súa avaliación, é dicir, valorar o grao de consecución dos obxectivos propostos.

Trátase de sistematizar a recollida e devolución da información para estar sempre cerca das necesidades das persoas e da realidade do centro.

Para avaliar o plan de convivencia tómanse como referente as actuacións marcadas. Cada unha delas debe ter diferentes responsables (individualmente, equipos formado para este fin, comisión de convivencia...) e uns prazos para facelo. Nesta avaliación deberemos ter en conta diferentes fontes de información: documentos, rexistros, informes, medios materiais, recursos humanos... (propios ou alleos ao noso alcance), os instrumentos necesarios que faciliten a súa sistematización. Rematados os prazos, analízase o grao de consecución.

Como norma xeral, a avaliación debe ser continua e procesual, debe ser realizada de forma integradora, complementaria, coordinada e conxunta cos procesos de avaliación das aprendizaxes do alumnado. Pode propoñerse unha avaliación logo de cada actuación desenvolvida no plan. Ademais, a comisión de convivencia deberá facer unha avaliación trimestral do plan e ao final do curso elaborará unha memoria anual deste.

Os responsables desta avaliación serán, en primeiro lugar, a comisión de convivencia, o equipo directivo e o consello escolar, coa participación de todos os sectores da comunidade educativa.

Entre os ámbitos e criterios desta avaliación podemos destacar:

- *En relación co contorno social:* relacións centro educativo-institucións do contorno; relacións familia-institucións do contorno; oferta de formación e ocio das institucións do contorno; plans de mellora da convivencia social...
- *En relación co contorno familiar:* relacións centros-familias; canles de comunicación e de información; participación das familias; espazos e tempos dedicados á relación; estilos educativos das familias; formación das familias...
- *En relación co contorno escolar:* espazos, instalacións e mobiliario do centro; clima de convivencia no centro, nas aulas, nos recreos, cambios de clase...; normas de convivencia do centro e da aula; relacións entre os membros da comunidade educativa; medidas para previr conflitos e formas de resolución; resposta educativa á diversidade...

O equipo directivo dos centros docentes garantirá a participación na avaliación do plan de convivencia de todos os sectores da súa comunidade educativa.

Logo da avaliación do plan de convivencia e en vista dos resultados acadados, o equipo directivo, xunto coa comisión de convivencia, arbitrará un procedemento para que os demais estamentos do centro (claustro de profesores, xunta de delegados e delegadas de alumnos e alumnas, asociacións de alumnado, ANPA...) realicen as propostas de mellora que consideren pertinentes para incluír na memoria final.

A comisión de convivencia, ao final de cada curso, elaborará a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias.

O consello escolar en pleno, por proposta da súa comisión de convivencia, aprobará ao final de cada curso escolar a memoria do plan de convivencia elaborada pola comisión de convivencia. Esta memoria formará parte da memoria anual do centro.

Correspóndelle aos servizos de Inspección Educativa supervisar a elaboración, desenvolvemento e avaliación do plan de convivencia do centro, así como prestar o asesoramento necesario para tales fins.

É conveniente que cada centro educativo, ao comezo de cada curso escolar, revise o seu plan de convivencia co obxecto de analizar a evolución do estado da convivencia no centro e incorporar ao plan, e sobre todo á súa concreción anual, as propostas de mellora recollidas na memoria do curso anterior.

A consellería con competencias en materia de educación poderá establecer algún procedemento para que, a través de medios electrónicos ou telemáticos, poida procederse á recollida das incidencias en materia de convivencia nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.

No anexo 15 pode consultarse a exemplificación dunha táboa cos posibles criterios para a avaliación anual do plan de convivencia.

No anexo 16 pode consultarse a exemplificación dunha táboa para facer o seguimento do plan de convivencia, así como da avaliación final deste.

2.3.6. Difusión do plan

O plan de convivencia do centro, unha vez aprobado polo consello escolar, debe ser coñecido e asumido por todos os membros da comunidade educativa e polos sectores do contorno que poidan ser interesados.

A consellería con competencias en materia de educación facilitará a difusión por diferentes medios das boas prácticas educativas en materia de convivencia escolar, coas finalidades de ofrecer, nun primeiro momento, o recoñecemento social das comunidades educativas democráticas e educadoras e, nun segundo lugar, a de servir de guía ou modelo a outras que se inician no tema e na busca da mellora da convivencia no seu centro.

O equipo directivo dos centros docentes levará a cabo as actuacións necesarias para que o plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da súa comunidade educativa. Así mesmo, levará a cabo as actuacións necesarias para difundir as normas de organización e funcionamento do centro e as normas de convivencia na comunidade educativa.

A comisión de convivencia garantirá esta difusión, considerando entre as posibles canles para isto as seguintes:

- Consello escolar.
- Titorías de nais/pais, sobre todo nas reunións de principio de curso.
- Reunións da xunta de delegados.
- Reunións específicas con representantes das institucións ou organismos públicos ou privados dedicados á cultura no contorno do centro educativo.
- ANPA do centro ou dos centros educativos do contorno.

Os medios para levar a cabo esta difusión poderían ser:

- Reunións informativas, comunicacións escritas, sesións de traballo tutorial, asembleas...
- Folletos, trípticos.
- Exposición nos lugares oportunos do centro: paneis informativos, carteis...
- Blogs, páxinas web.
- Foros, campañas, inclusión na revista do centro, entrevistas.
- Foros municipais, institucionais, de asociacións e entidades.

Os momentos clave para facer esta difusión son:

- Ao inicio do curso: deberase informar da concreción anual do plan de convivencia para o curso e dalgún punto importante estable deste (punto de partida, obxectivos e plan que se vai seguir).
- Ao longo do curso: cando se dispoña de nova información, información dos avances, novos acordos...
- Ao final do curso: resumo do elaborado, implicacións, propostas de mellora, compromisos e plan para o seguinte curso.
- Todos aqueles momentos, formais e informais, da vida cotiá do centro nos que o coñecemento do que se está facendo ofrece información relevante para a toma de decisións, proposta de actividades... e para reforzar a implicación das persoas no proceso e impulsar novas incorporacións (titorías, asembleas de grupo, de curso, reunións cos distintos estamentos...).

3. Anexos

Anexo 1

Comisión de convivencia

Normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro

O réxime de funcionamento, composición e o desenvolvemento das funcións da comisión de convivencia de cada centro concretarase no plan de convivencia, de conformidade co establecido para os órganos colexiados na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Carácter

A comisión de convivencia terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar para facilitar o cumprimento das competencias que, en materia de convivencia escolar, ten asignadas o consello escolar.

Composición e elección dos seus membros

Os seus membros serán elixidos polo consello escolar do centro, segundo o establecido no artigo 6.2 do citado decreto.

- Deberán estar representados, de forma equilibrada, mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa.
- Os integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos serán nomeados pola persoa responsable da dirección do centro, por proposta dos colectivos representados.
- Composta por:
 - O seu presidente será a persoa titular da dirección do centro.
 - Representantes do alumnado.
 - Representantes do profesorado.
 - Representantes das familias.
 - Representantes do persoal de administración e servizos.
 - O titular do centro, no caso dos centros concertados.

Todos os representantes estarán na mesma proporción na que se encontran representados no consello escolar do centro, aínda que non é requisito que sexan os mesmos.

Unha das persoas integrantes actuará como secretaria e redactará a acta das súas reunións.

- Profesionais aconsellables na composición da comisión de convivencia:
 - Persoa que ocupe a xefatura do departamento de orientación.
 - Profesorado que realice a función específica de dinamizador da convivencia no centro, segundo a Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes.
 - Calquera outro membro da comunidade educativa que teña formación e sensibilidade nos temas relacionados coa convivencia.

Creación

A comisión de convivencia de cada centro educativo, público ou privado concertado, deberá constituírse no prazo de seis meses desde a entrada en vigor do Decreto 8/2015.

Funcións/Actuacións da comisión de convivencia

- Elaborar o plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do seu desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión, función que será asumida polo equipo directivo cando non estea constituída, que será aprobado polo consello escolar do centro, tal como se recolle no artigo 10 da Lei 4/2011.
- Velar pola correcta aplicación do disposto na normativa existente en materia de convivencia e no plan e normas de convivencia.
- Elevar ao consello escolar de cada centro e recoller na memoria anual da comisión de convivencia as iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo propostas polas escolas de nais e pais que se poidan crear no centro e se establezan no plan de convivencia.
- Funcións, por delegación do consello escolar:
 - Dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas no procedemento de elaboración, desenvolvemento, seguimento e revisión do plan de convivencia do centro.
 - Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
 - Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica dos conflitos.
 - Propoñerlle ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
 - Propoñerlle, de ser o caso, ao director do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
 - Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos que foran impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
 - Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
 - Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, no que se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia: este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de inspección educativa.
 - Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro ou o órgano da Administración educativa con competencias na materia.

Posibilidade de asesoramento/colaboración

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar:

- O asesoramento dos profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro.
- Colaboración:
 - Do profesorado titor relacionado co tema que se analice.
 - Do educador ou educadora social do concello onde se atope o centro educativo.
 - Doutros profesionais segundo a problemática de que se trate.
 - Das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

Plan de reunións/xuntanzas

- Mínimas:
 - Ordinarias: tres xuntanzas anuais de carácter ordinario, unha por trimestre.
 - Extraordinarias: cantas veces sexa convocada por:
 - A súa presidencia por iniciativa propia.
 - Proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

Anexo 2

Fins e principios do plan de convivencia

Fins e principios informadores da convivencia nos centros docentes (artigo 3 da Lei 4/2011)	Obxectivos xerais do Plan de convivencia (artigo 12 do Decreto 8/2015)
a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.	b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado. g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.	c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres. i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e liberdades fundamentais.
c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.	e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.	a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa promoción da cultura de paz, a prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
e) A corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.	h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.

Fins e principios informadores da convivencia nos centros docentes (artigo 3 da Lei 4/2011)	Obxectivos xerais do Plan de convivencia (artigo 12 do Decreto 8/2015)
<p>f) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.</p>	<p>c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.</p> <p>d) Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento, xestión e resolución dos conflitos que poidan producirse no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.</p> <p>f) Facilitar a conciliación e/ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.</p>
<p>g) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.</p>	<p>b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.</p> <p>d) Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento, xestión e resolución dos conflitos que poidan producirse no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.</p> <p>f) Facilitar a conciliación e/ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.</p>
<p>h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.</p>	<p>b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.</p> <p>g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.</p>

Anexo 3

Obxectivos específicos

<i>Obxectivos xerais do Plan de convivencia (artigo 12 do Decreto 8/2015)</i>	<i>Posibles exemplificacións de obxectivos específicos</i>
1. Facilitarles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa promoción da cultura de paz, a prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.	<ul style="list-style-type: none">• Promover a formación permanente do profesorado en temas relacionados coa convivencia.• Recoller nas normas de organización e funcionamento do centro (NOF) accións ou propostas de mellora da convivencia nos distintos espazos do centro (especial atención aos accesos, patios de recreo, zonas de xogo, servizos etc.), así como nos momentos de maior actividade (entradas, saídas, cambios de clase, recreos etc.).
2. Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.	<ul style="list-style-type: none">• Coñecer a existencia das posibles problemáticas relacionais que existen na comunidade educativa (alumnado-familias-profesorado).• Establecer vías de sistematización das actuacións en materia de convivencia que se desenvolven no centro.• Revisión e adaptación dos documentos de organización e de xestión de xeito que favorezan o clima de centro.
3. Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.	<ul style="list-style-type: none">• Elaborar de forma consensuada as normas de convivencia do centro e de aula.• Favorecer o traballo en grupo e o traballo cooperativo como metodoloxías nas que se potencia o respecto e a solidariedade entre o alumnado.
4. Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento, xestión e resolución dos conflitos que poidan producirse no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.	<ul style="list-style-type: none">• Promover unha cultura de resolución pacífica de conflitos baseada no diálogo.• Propoñer actuacións que fagan que as aulas e os centros sexan lugares de aprendizaxe e práctica da convivencia.
5. Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.	<ul style="list-style-type: none">• Diseñar mecanismos que faciliten a análise das causas e das consecuencias das problemáticas detectadas, así como a prioridade na súa resposta.• Elaborar protocolos de notificación e actuación ante distintas situacións contrarias á convivencia (disrupción, violencia de xénero, agresións verbais, acoso escolar...).
6. Facilitar a conciliación e/ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.	<ul style="list-style-type: none">• Crear, formar e manter un equipo plural de mediación estable no centro, integrado por persoas representantes dos distintos sectores da comunidade.

<p style="text-align: center;"><i>Obxectivos xerais do Plan de convivencia (artigo 12 do Decreto 8/2015)</i></p>	<p style="text-align: center;"><i>Posibles exemplificacións de obxectivos específicos</i></p>
<p>7. Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Formar os diferentes membros da comunidade educativa en habilidades comunicativas e de relación: a linguaxe asertiva.
<p>8. Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Prever, no plan de convivencia, as propostas de mellora da convivencia desde a perspectiva dos diferentes compoñentes da comunidade escolar (alumnado, profesorado, familias e persoal de administración e servizos). • Elaborar de forma consensuada as normas de convivencia do centro e de aula.
<p>9. Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e liberdades fundamentais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Establecer as liñas básicas de colaboración e comunicación con outras institucións que contribúan á mellora da convivencia no centro: concello, benestar, sanidade, xustiza, igualdade... e con outras organizacións non oficiais (ONG, fundacións...).

Anexo 4

Programas para a adquisición de habilidades e competencias sociais

As habilidades e competencias sociais son un conxunto de hábitos ou estilos (que inclúen comportamentos, pensamentos e emocións) entre os que están:

- *Asertividade*: é o xeito de actuar que lle permite a unha persoa expresar os seus pensamentos e sentimentos sen negar os dos demais.
- *Empatía*: habilidade que nos permite comprender e experimentar o punto de vista doutros sen ter que estar de acordo.
- *Saber escoitar*: escoitar con comprensión e coidado, saber o que a outra persoa trata de comunicarnos e transmitir que recibimos a súa mensaxe.
- *Definir un problema*: analizar a situación, tendo en conta os elementos obxectivos, así como os sentimentos e necesidades.
- *Avaliación de solucións*: analizar as consecuencias que cada solución terá a curto e longo prazo para as persoas implicadas.
- *Negociación*: comunicación dirixida a atopar unha alternativa de solución que resulte aceptable para ambas as partes.
- *Capacidade de desculpa*: capacidade de darse de conta dos propios erros cometidos.

No contexto educativo, este tipo de programas pretende:

- Potenciar o contacto da persoa cos seus sentimentos, favorecendo tanto a súa identificación como a súa expresión.
- Desenvolver e construír habilidades de comunicación, é dicir, capacidade de emitir e recibir mensaxes a través da comunicación verbal e non verbal.
- Clarificar valores, saber tomar decisións, analizar a conduta, cooperar con outros, aprender a resolver conflitos e aprender a organizarse.

Programas nos que se establecen tres dos niveis fundamentais de actuación da titoría no centro educativo, como son:

- *Ensinar a ser persoa*: axudar o alumnado na construción da súa identidade persoal, fundamentalmente relacionado con facilitar a integración no grupo e o desenvolvemento persoal e afectivo de cada alumna ou alumno.
- *Ensinar a comportarse*: contribuír a que o alumnado mellore a súa capacidade de adaptación escolar e social, desenvolvendo actitudes positivas.
- *Ensinar a convivir*: desenvolver no alumnado as capacidades sociais básicas para unha boa convivencia, potenciando a organización cooperativa e o clima da aula.

As competencias socioemocionais permiten:

- Mellorar o clima de convivencia da aula.
- Favorecer o rendemento académico.
- Mellorar as relacións interpersoais.

Requisitos para a posta en marcha dun programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais

Concienciación de todo o centro educativo

- Nas habilidades e competencias sociais e na aprendizaxe emocional como aspecto fundamental do desenvolvemento persoal do alumnado.
- Crer firmemente nos beneficios que ofrece este tipo de intervencións.
- Crer en que todas as persoas poden mellorar no seu comportamento.
- Implicación de toda a comunidade educativa na súa aplicación.

Implicación máxima de diferentes órganos

- Departamento de orientación:
 - Responsable do deseño e desenvolvemento do programa.
 - Implicación do equipo directivo.
 - Información ao claustro de profesorado das accións que se pretenden. poñer en marcha e os obxectivos que se pretenden acadar.
 - Buscar un equipo de profesorado motivado e implicado no proxecto para traballar:
 - Detección de necesidades específicas que hai que traballar.
 - Formación, deseño, asesoramento, implantación e supervisión das actividades.
 - Facer un plan grupal e/ou un plan individualizado para cada alumno ou alumna, de ser o caso.
 - Información constante ao profesorado titor correspondente.
 - Avaliación e seguimento do programa.
 - Exposición de resultados ao claustro de profesores.
- Equipo directivo:
 - Apoio constante ao departamento de orientación e ao equipo de profesorado implicado no programa. Dar todas as facilidades posibles para o bo desenvolvemento do programa.
 - Información inicial ao consello escolar como máximo órgano de representación do centro.
 - Motivación e implicación do equipo de profesorado, especialmente profesorado titor e claustro.
- Profesorado titor:
 - Información ao departamento de orientación e ao equipo de profesorado implicado das características do seu alumnado obxecto do programa.
 - Seguimento das actividades e habilidades traballadas na aula.

- Reforzo positivo e constante do traballado na aula.
- Comunicación ás familias dos progresos conseguidos para o posterior reforzo e valoración desde a casa.

Realización de diferentes actuacións

- Accións formativas que dirixan a súa intervención a desenvolver capacidades e habilidades que se poidan adestrar e mellorar ao longo da vida dos individuos.
- Actuacións globais, prolongadas no tempo, que permitan a posta en práctica das habilidades e competencias traballadas entre sesións.
- Intervencións repetidas durante a etapa educativa dos destinatarios, con continuidade en cada curso escolar, para favorecer as habilidades máis significativas ou con maior dificultade de adquisición.
- Programas que favorezan a extrapolación das habilidades e competencias de relación interpersoal a diferentes contextos.

Exemplificación da posible estrutura dun programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais

Marco teórico

Normativa de referencia.

Contextualización

- Características do alumnado destinatario.
- Características do contexto.

Obxectivos xerais (exemplos)

- Promover o desenvolvemento nas diferentes dimensións da persoa.
- Mellorar o autoconcepto do alumnado.
- Que o alumnado adquira a capacidade de reflexionar criticamente sobre as súas condutas e unha actitude positiva ante os conflitos e problemas persoais e grupais; facéndose protagonista da súa aprendizaxe e responsable nas súas eleccións.
- Axudar o profesorado na mellora do clima de convivencia na aula e no centro.
- Cooperar coas familias (e con axentes e servizos externos intermediarios) na mellora da formación dos seus fillos e fillas como persoas e nas súas relacións sociais.

Obxectivos específicos (exemplos)

- Mellorar o autoconcepto do alumnado.
- Desenvolver actitudes positivas e de responsabilidade persoal: que o alumnado coñeza os seus dereitos básicos como persoas que interaccionan e saiban defendelos asertivamente.
- Dialogar e traballar en situacións de interacción entre iguais, utilizando as normas sociais básicas: que o alumnado sexa capaz de presentarse a si mesmo ou a outras persoas, poder iniciar unha conversa con certa facilidade e identificar distintas formas de facer amigos.

- Tolerar, respectar e valorar as diferenzas individuais: que o alumnado sexa capaz de diferenciar os distintos tipos de comportamentos analizando as consecuencias de cada un deles, reflexionar sobre o seu propio comportamento e elixir actuar de xeito asertivo.
- Ofrecerlle ao alumnado as formas adecuadas para resolver conflitos: diferenciar os distintos roles que se poden dar dentro dun grupo e analizar os conflitos que estes poden producir na dinámica grupal para poder resolvelos positivamente, recoñecendo a presión que pode exercer o grupo en distintas situacións e desenvolvendo estratexias para responder a esta presión.
- Que o alumnado valore a cooperación por enriba da competición ou o individualismo, para resolver problemas e como forma de traballo habitual.
- Que o alumnado teña a suficiente capacidade para tomar decisións importantes, baseadas na reflexión e na crítica e identificando os influxos que poden afectar as súas decisións.

Contidos (exemplos)

- Os sentimentos, as habilidades sociais, os dereitos e deberes, as regras ou normas, o autoconhecimento, o recoñecemento das emocións nun mesmo e nos demais, o manexo das emocións (autocontrol), os tipos de pensamento, os tipos de comportamento (asertivo, agresivo e pasivo), dar queixas de forma axeitada, saber dicir non, os conflitos, a toma de decisións...
- A elección de delegado, a elaboración de normas de aula e centro, o recoñecemento de diferentes pensamentos e emocións e aprender a usalas de xeito positivo, a resolución de dilemas morais de xeito cooperativo, o coñecemento e emprego na vida diaria de habilidades sociais básicas, o desenvolvemento da capacidade de autocontrol do propio comportamento, a realización dun sociograma, a práctica dun roll-playing e dramatizacións, o adestramento cognitivo, moral e emocional, o coñecemento dos propios sentimentos e dos sentimentos dos demais, a definición e diagnóstico de problemas, a busca de explicacións e toma de decisións...
- O diálogo e comunicación (respecto da quenda de palabra e escoita aos demais, creación dun ambiente de participación, diálogo e respecto mutuo, crítica positiva), a colaboración e cooperación cos demais (axuda mutua, traballo en equipo, importancia da solidariedade), a responsabilidade (desenvolvemento autónomo e adecuado en diferentes situacións), o respecto e cumprimento das normas propostas e aceptadas pola maioría (dereitos e deberes), o respecto e aceptación das diferenzas individuais, a apertura á participación cooperativa nas actividades propostas en beneficio propio e do grupo, actitude crítica e responsable coas actuacións propias e dos demais na prevención e resolución de conflitos e na mellora da convivencia...

Metodoloxía. Estratexias de intervención (exemplos)

- Dinámicas atractivas en función da súa idade. Evolución progresiva cara a adultez.
- Adaptar as habilidades a cada grupo e características do alumnado.
- Que o alumnado, en especial cando se trate de adolescentes, se sinta protagonista da súa propia aprendizaxe, potenciar a máxima participación do alumnado e partir do que saben:
 - Que dea a súa opinión.
 - Que se atreva a facer preguntas.

- Que poida amosar acordo ou desacordo ante a postura do profesorado nun tema.
- Reforzar ao que participa.
- Aproveitar calquera conduta boa para reflectila.
- Utilizar o eloxio de ideas e opinións, comportamentos, éxitos académicos, aptitudes, amigos, personalidade...
- Adecuar a proxección do profesor ou profesora ao contexto:
 - Ser modelo do alumnado, tratalo como queiramos que se comporte, comunicarlle o que esperamos del.
 - Actitude de flexibilidade/firmeza.
 - Utilización da primeira persoa.
 - Emprego de reforzos positivos.
 - Traballo en equipo entre profesorado.
 - Contacto continuo entre profesionais implicados, especialmente co departamento de orientación.
- Favorecer un ambiente positivo.
- Non é conveniente descualificar o alumnado, etiquetar, caer no “colegueo”.
- Non perder de vista o obxectivo do programa.

Actividades enfocadas a adestrar

- Habilidade de escoitar.
- Habilidade de negociar.
- Habilidade de desculparse.
- Habilidade de resistir presións.
- Outras habilidades.

Avaliación do programa

Valorar os resultados obtidos, os cambios producidos na competencia social do alumnado e a súa repercusión na mellora da convivencia no centro, logo da aplicación do programa.

Anexo 5

Medidas que afectan á organización

Exemplificación de actuacións

- M1.1. Revisar as estratexias e procedementos de información, participación e toma de decisións utilizadas nos órganos unipersoais e colexiados do centro para mellorar as estruturas e canles de participación.
- M1.2. Promover a participación na elaboración e revisión dos documentos do centro, destacando os valores e normas que pretenden desenvolver actitudes prosociais de igualdade, respecto e diálogo, fomentando o consenso na toma de decisións.
- M1.3. Impulsar a creación e a actuación de comisións de mediación e outras estratexias de tratamento e resolución de conflitos.
- M1.4. Establecer canles para a denuncia de situacións de acoso ou maltrato con garantía de confidencialidade: caixa de reclamacións, queixas e suxestións; taboleiro de denuncias e queixas vía telemática, correo electrónico de solicitude de axuda...
- M1.5. Revisión nos departamentos/equipos, CCP e claustro, a primeira semana de setembro, das normas incluídas no plan e establecer acordos sobre formas de abordar o traballo destas normas co alumnado.
- M1.6. Durante o mes de setembro dedicar tempo nas aulas de todos os niveis ao traballo sobre as normas do plan.
- M1.7. Adopción de acordos entre o profesorado respecto dos criterios de esixencia de normas e tratamento da disciplina coa finalidade de manter unha liña de conduta coherente, uniforme e sistemática.
- M1.8. Esixencia do cumprimento das normas por parte do profesorado, con independencia de que sexa ou non titor, a todo o alumnado do centro naquelas situacións que o requiran.
- M1.9. Deseño de actividades e formas de organización que posibiliten a participación do alumnado na formulación das normas do centro/aula, establecemento de sancións, difusión e avaliación do cumprimento, dentro do marco normativo.
- M1.10. Colaboración do profesorado na implantación das normas establecidas para o adecuado funcionamento dos servizos (aulas, comedor, transporte...).
- M1.11. Potenciar o funcionamento da comisión da convivencia.
- M1.12. Promover encontros, conferencias e obradoiros para a toda a comunidade educativa, orientados á construción dunha convivencia positiva.
- M1.13. Vixiar as zonas comúns (aseos, corredores, recreos, entradas e saídas...) e mellorar as zonas de ocio (organizar grupos de xogo...).
- M1.14. Establecer reunións periódicas dos titores por niveis co obxecto de deseñar accións conxuntas para a mellora da convivencia no centro.
- M1.15. Organizar o centro de forma respectuosa coa diversidade e aceptación desta como un valor positivo, fomentando a inclusión.

- M1.16. Impulsar as concrecións curriculares para os distintos ciclos ou cursos o desenvolvemento de todas as competencias básicas, en especial a competencia social e cidadá.
- M1.17. Potenciar un estilo de dirección que favoreza a participación e a comunicación dos problemas (liderado).
- M1.18. Establecer as funcións dos departamentos/equipos, CCP, comisión de convivencia, claustro e consello escolar en relación coa aplicación, revisión e desenvolvemento do plan de convivencia.
- M1.19. Establecer na programación xeral anual concrecións anuais de mellora da convivencia adoptando obxectivos claros, consensuados e asumidos por toda a comunidade educativa que terán como referencia o plan de convivencia.
- M1.20. Programar nos respectivos departamentos/equipos o calendario de actividades que hai que desenvolver para o logro dos obxectivos propostos na concreción anual do plan de mellora da convivencia, planificando espazos, tempos, instrumentos de avaliación e recursos necesarios.
- M1.21. Incluír nas programacións dos diferentes departamentos, para desenvolver ao longo do curso, a realización dalgún traballo cooperativo entre o alumnado.
- M1.22. Incorporar no plan de acción titorial actividades para analizar o clima de aula e establecer as normas de convivencia.
- M1.23. Establecer unha data mensual fixa para a reunión da CCP e plans trimestrais de traballo.
- M1.24. Fixar trimestralmente obxectivos de traballo para os departamentos/equipos.
- M1.25. Elaborar boletíns informativos trimestrais para o alumnado, para o profesorado e para as familias recollendo os aspectos máis relevantes da vida do centro e os acordos do consello escolar.
- M1.26. Garantir que todos os membros da comunidade educativa coñezan os seus dereitos e deberes.
- M1.27. Adoptar estratexias organizativas que posibiliten a implicación de todo o profesorado nos labores titoriais.
- M1.28. Utilizar asembleas de aula como sesións de información, debate e participación.

Anexo 6

Medidas para mellorar a formación do profesorado e das nais e pais ou titores legais

Exemplificación de actuacións

- M2.1. Incluir no plan anual de formación do centro actividades formativas, propostas desde os equipos de ciclo, relacionadas coas distintas medidas recollidas no plan de convivencia e que aglutinen o maior número de profesores e profesoras posible.
- M2.2. Promover desde a comisión de convivencia e asociación de nais e pais actividades informativas e formativas para nais e pais en relación cos temas de convivencia.
- M2.3. Elaborar orientacións e establecer programas de formación para todos os membros da comunidade educativa sobre a prevención e resolución de conflitos.
 - Formación específica do profesorado, elaboración de materiais e documentos, protocolos de actuación axustados ao propio centro...
 - Formación de familias: pautas para previr o acoso e outras formas de violencia desde a familia. Impulsar a creación de escolas de pais e nais.
 - Formación do alumnado: técnicas de resolución pacífica de conflitos, potenciar o uso positivo das TIC e o espírito crítico ante os contidos aos que acceden, ser coidadoso cos datos persoais, onde aparecen e a quen se proporcionan; non responder a provocacións a través dos medios tecnolóxicos; cando unha ameaza é persistente, hai que gardar o que se poida a xeito de proba do sucedido, pechar a conexión e pedir axuda a unha persoa adulta.
- M2.4. Elaborar orientacións e establecer programas formativos dirixidos ao profesorado e ás familias, coa intención de previr e actuar ante situacións de ciberacoso: sensibilización sobre o uso saudable e razoable das TIC, aprender a transmitirilles aos menores a confianza suficiente para que poidan recorrer a eles en caso necesario, aprender a apoiar ao menor en caso de confirmarse o ciberacoso e en caso de ameazas graves presentar a correspondente denuncia no organismo competente.
- M2.5. Formar sobre a mediación como técnica de resolución de conflitos.
 - Formación do profesorado tutor.
 - Formación, nas sesións de tutoría, do alumnado.
 - Constitución e formación de equipos de mediadores.
- M2.6. Programar e desenvolver, no marco dos plans de formación ofertados pola Administración, algún plan de mellora da convivencia:
 - Programas específicos de resolución de conflitos.
 - Programas específicos de mediación en conflitos.
 - Programas de axuda entre iguais.
 - Programas de mentorazgo tecnolóxico.

Anexo 7

Medidas para mellorar as relacións interpersoais

Exemplificación de actuacións

- M3.1. Potenciar a participación de todo o alumnado nos xogos e outras actividades evitando as exclusións.
 - Realización de entrevistas individuais co alumnado que rexeita os seus compañeiros, recollendo información e reflexionando sobre as actitudes de rexeitamento cara aos compañeiros e compañeiras procurando que se poñan no lugar do rexeitado e perciban os seus sentimentos.
 - Transmisión na aula de mensaxes de acollida a todos os compañeiros nos nosos xogos (todos podemos xogar, só non xoga o que non quere).
- M3.2. Coidar as relacións entre o profesorado e do profesorado coas familias, de xeito que constitúan un modelo para as relacións entre o alumnado.
- M3.3. Ensinar a dialogar como un medio para confrontar ideas, defender os nosos puntos de vista, argumentalos, fomentando todas as actitudes básicas que o fan posible (escoita, comprensión, respecto das formulacións das outras persoas, argumentación, sinceridade e calma...), para facer do diálogo unha estratexia habitual nas situacións da vida do centro.
- M3.4. Incrementar as actividades en parellas e pequenos grupos.
- M3.5. Fomentar a través do traballo en grupo a valoración persoal de cada alumno, axudando a que perciban que as súas achegas son importantes para o grupo.
- M3.6. Formular como obxectivo educativo aprender a traballar en grupo, planificando a súa consecución e valorando o seu logro nas avaliacións.
- M3.7. Formular as actividades en pequenos grupos, transmitíndolle ao alumnado os obxectivos que pretendemos lograr, as tarefas que deben realizar, as tarefas e os roles que lles corresponden aos diferentes membros do grupo, os recursos dispoñibles e o tempo.
- M3.8. Potenciar o traballo en equipo do profesorado como modelo do traballo en equipo do alumnado e como medio para desenvolver un proxecto común de centro e desenvolver unha cultura de colaboración.
- M3.9. Educar sentimentos, actitudes e valores, ensinando a:
 - Expresar adecuadamente as emocións, recoñecer as dos demais e asumir actitudes de respecto cara ás emocións dos demais.
 - Desenvolver a empatía, poñéndose no lugar dos outros.
 - Coñecer as consecuencias emocionais que poden ter as formas de relacionarse cos compañeiros e compañeiras.
 - Ser asertivos superando a timidez e a inseguridade.
 - Identificar as situacións de violencia/abuso.
 - Rexeitar adecuadamente os violentos e abusadores e a non valorar estes modelos de comportamento.

- M3.10. Aplicar programas específicos para o traballo de valores coma o respecto e a solidariedade, habilidades básicas de interacción social e hábitos e actitudes que fomenten a convivencia, dedicando tempo semanal a este tipo de programas.
- M3.11. Introducir estratexias específicas de desenvolvemento emocional, habilidades sociais e axuda persoal.
- M3.12. Organizar grupos de traballo que favorezan as relacións persoais.
- M3.13. Traballar na clase sobre modos adecuados de relación: falar, escoitar con respecto aos demais...
- M3.14. Proporcionarlle ao alumnado unha educación para a igualdade entre mulleres e homes e regular e explicitar nas NOF do centro as medidas de corrección de comportamentos sexistas.
 - Propoñerlles aos departamentos a través da CCP que inclúan na programación polo menos unha medida conducente a cumprir con este obxectivo.
 - Os titores e as titoras elaborarán material didáctico para aplicar nas titorías presenciais que aborden os seguintes temas:
 - Fomentar valores de participación, solidariedade e tolerancia, respectando o principio de non discriminación entre os sexos.
 - Cuestionar e rexeitar os estereotipos sexistas (na publicidade, na linguaxe, nas relacións interpersoais, nos xogos...).
 - Valorar a necesidade de fomentar por igual expectativas profesionais para homes e mulleres.
 - Dar a coñecer a contribución feita polas mulleres no campo das matemáticas, das ciencias, da filosofía...

Anexo 8

Medidas de intervención directa ante problemas de convivencia

Exemplificación de actuacións

- M4.1. Elaborar un protocolo de actuación fronte aos conflitos na aula.
 - Documentación (folla de avaliación actitudinal ou rexistro ou partes de faltas/disciplina).
 - Actuacións do profesorado de aula.
 - Actuacións do profesorado titor e do departamento de orientación.
 - Actuacións do equipo directivo.
- M4.2. Elaborar protocolos de actuación ante unha agresión.
 - Realizar entrevistas individuais coas persoas agredidas, pescudando ata que punto lle afectou a agresión, reforzalo e mellorar a súa autoestima.
 - Realizar entrevistas individuais coas persoas agresoras, co obxecto de reflexionar sobre os seus actos e actitude (individual/grupo), facéndoas tomar conciencia sobre a responsabilidade que temos sobre as consecuencias das nosas accións, esixíndolle que pida desculpas e asegure que a agresión non se vai volver repetir.
 - Inducir o alumnado a solicitar a axuda dos profesores en caso de agresión.
- M4.3. Rexistrar os conflitos que se producen no centro co fin de ter unha visión real da convivencia no centro que permita, fundamentándose na evidencia, introducir as modificacións necesarias para a regulación da convivencia do centro.
- M4.4. Solicitar o apoio e asesoramento do orientador ante os indicios ou situacións que poden derivar en posible acoso.
- M4.5. Aplicación de programas para a adquisición de habilidades e técnicas de resolución de conflitos mediante a negociación.
- M4.6. En función dos niveis, traballar mediante debuxos ou carteis, conceptos de convivencia e descrición do maltrato.
- M4.7. Abordar as consecuencias sociais e éticas que supón o comportamento violento.
- M4.8. Explicitar as medidas de protección ás vítimas e as responsabilidades éticas de todos os membros da comunidade educativa.
- M4.9. Aplicar a mediación como técnica de resolución de conflitos.

Anexo 9

Medidas dirixidas á difusión do plan de convivencia e doutros documentos relacionados (concrecións curriculares, NOF, PEC, PAT, PAD...)

Exemplificación de actuacións

- M5.1. Presentación do plan de convivencia ao profesorado.
 - Realización dun claustro extraordinario para a presentación do plan de convivencia ao profesorado.
 - Entrega de carpetas informáticas que conteñan o plan de convivencia, as NOF, o PEC, o PAT, o PAD... (documentos relacionados).
 - Entrega dun documento resumo do plan de convivencia no que se expliciten fundamentalmente as normas, medidas correctoras e/ou reeducadoras e procedementos de actuación, para incluír en carpetas informáticas específicas de cada etapa/ciclo ou nivel.
- M5.2. Elaborar e implantar protocolos de acollida do profesorado de nova incorporación, explicando os aspectos fundamentais do plan de convivencia e incluíndo na documentación entregada o documento resumo deste.
- M5.3. Presentación do plan de convivencia ao persoal de administración e servizos.
 - Realización dunha reunión para a presentación do plan de convivencia ao profesorado.
 - Entrega de carpetas informáticas que conteñan o plan de convivencia, as NOF, o PEC, o PAT, o PAD... (documentos relacionados).
 - Entrega dun documento resumo do plan de convivencia.
- M5.4. Dar a coñecer entre o alumnado o plan de convivencia e as NOF.
 - Desenvolver traballos de análise do plan de convivencia e das NOF nas sesións de tutoría presencial.
 - Propiciar asembleas de aula e reunións de representantes do alumnado para analizar distintos aspectos do plan de convivencia e das NOF.
- M5.5. Informar as nais e pais/titores legais nas reunións de inicio de curso sobre o plan de convivencia e NOF, entregando dípticos resumo.
- M5.6. Incluír no periódico escolar/revista dixital/web do centro... información sobre a elaboración, aplicación e contidos do plan de convivencia.
- M5.7. Divulgar entre o profesorado, alumnado e familias orientacións básicas sobre o acoso e a súa prevención.

Anexo 10

Relacións entre o plan de convivencia e as normas de organización e funcionamento (NOF)

Exemplificación de actuacións

Os centros docentes elaborarán as súas normas de organización e funcionamento (NOF), que deberán incluír as que garantan o cumprimento do plan de convivencia.

Nas NOF, e referido ao plan de convivencia, faranse explícitas actuacións en elementos como os seguintes:

a) No bloque dos principios educativos das NOF

- M.6.1. Incorporar, entre os dereitos do alumnado, os referidos á formación integral e coeducativa, respecto á identidade, integridade e dignidade persoal, protección contra toda agresión física e moral, participación no proceso educativo e na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos.
- M.6.2. Incorporar, entre os deberes do alumnado, aqueles que teñen que ver con tolerancia e respecto á liberdade, á integridade e á dignidade de toda a comunidade educativa; coa non discriminación; coa implicación na vida do centro e na consecución dun clima axeitado de estudo; co respecto ás normas de organización, convivencia e disciplina; coa asistencia regular á clase; o coidado dos recursos e instalacións etc.
- M.6.3. Incorporar, entre as finalidades educativas, aspectos relacionados con rexeitamento a todo comportamento discriminatorio; formación para a resolución pacífica dos conflitos e para a convivencia; coordinación e cooperación do profesorado; promoción de metodoloxías de aprendizaxe cooperativa; promoción das relacións escola-familia etc.

b) No bloque da estrutura pedagóxica

- M.6.4. Facer explícitos os criterios de adscrición do profesorado e os criterios para completar os seus horarios.
- M.6.5. Articular o funcionamento dos equipos docentes (reunións ordinarias, liñas de comunicación...).
- M.6.6. Explicitar o control da asistencia do profesorado e os criterios para as substitucións.
- M.6.7. Establecer e concretar os criterios para a distribución do alumnado e as medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- M.6.8. Establecer o procedemento para o control da asistencia, a xustificación das faltas e a forma de ausentarse do centro antes do remate da xornada.

c) No bloque da participación das familias

- M.6.9. Facer explícitos os procedementos para a implicación e a participación das familias (obter información, facilitar información, atencións individuais, atencións colectivas, recursos para a ANPA, espazos para reunións...).

d) No bloque das normas de convivencia e de relación

- M.6.10. Explicitar as medidas de mellora, cunha clara finalidade educativa, con indicación das persoas competentes para a súa aplicación e os tempos para levalas a cabo.
- M.6.11. Concretar con claridade o procedemento para a tramitación dun expediente disciplinario.
- M.6.12. Establecer os protocolos básicos de actuación ante distintas situacións relacionadas coa convivencia: acoso escolar, mediación...

Relacións entre o plan de convivencia e o plan de acción tutorial (PAT)

Exemplificación de actuacións

O labor docente non pode realizarse á marxe dunha acción tutorial permanente, e nesta tarefa, encomendada na súa maior parte ao profesorado titor, ten que implicarse toda a comunidade educativa co PEC como guía.

Desde esa consideración da acción tutorial, con máis razón se perciben as conexións entre o plan de convivencia e o plan de acción tutorial. Se, como indican algúns autores e autoras, para ser un bo profesor ou unha boa profesora é necesario ser comprensivo, aberto, flexible, bo observador, amable; estar sempre dispoñible; saber escoitar, axudar, motivar, valorar e criticar; máis necesario é todo isto, se cabe, para educar na convivencia.

En consecuencia, o desenvolvemento dun plan de convivencia debe considerar accións para realizar desde o plan de acción tutorial, é dicir, deben facerse explícitas actuacións promotoras de valores democráticos de convivencia, de cultura de negociación e diálogo, de cultura de paz. Polo tanto, debe incorporar nos seus obxectivos e nas súas actuacións, cos matices e gradacións en función dos destinatarios –alumnado, familias, profesorado–, referencias explícitas a eses valores que se poden traducir, no bloque dos **obxectivos** do PAT, en:

- M7.1. Coñecer e valorar as características do grupo de alumnos e alumnas, tanto desde o punto de vista persoal, como no relativo á competencia curricular, ás estratexias de aprendizaxe, á motivación, aos intereses, ás preocupacións e inquedanzas, ás relacións persoais; coa finalidade de producir as respostas educativas adecuadas.
 - Revisión do expediente persoal de cada alumno e de cada alumna, para un previo coñecemento da súa realidade.
 - Información ao departamento de orientación, sobre o alumnado que presenta desaxustes no seu comportamento, incluído o rendemento académico.
 - Disposición para atender e orientar as diferentes inquedanzas do alumnado.
- M7.2. Fomentar a integración do novo alumnado e profesorado, desenvolvendo accións que favorezan a adaptación dos novos alumnos e alumnas, profesores e profesoras, e a súa interacción co resto do alumnado e do profesorado.
 - Elaboración de programas de acollida.
 - Desenvolvemento das accións previstas no programa de acollida do alumnado de nova incorporación (durante o proceso de admisión, durante a matriculación, durante a incorporación, nas transicións de etapa...).

- Desenvolvemento das accións previstas no programa de acollida do profesorado de nova incorporación (ao comezo do curso e ao longo del).
- M7.3. Contribuír á formación integral do alumnado, en sintonía cos principios de tolerancia, igualdade, respecto, solidariedade e paz, e cara á participación razoada e responsable na toma de decisións e na solución dialogada dos conflitos.
- M7.4. Promover a participación das familias no labor formativo, asesorándoas e informándoas daquilo que precisen e demanden, en especial, da importancia da estimulación dos fillos e das fillas, da promoción da súa autonomía, dos valores que hai que considerar, da relación familia-alumnado-profesorado e de todo aquilo relacionado co proceso de ensino-aprendizaxe e coa formación dunha sociedade para a convivencia democrática.
 - Informar o alumnado e as familias ao comezo do curso sobre a vida no centro, especialmente dos principais aspectos que figuran na NOF e na programación xeral.
 - Establecer un horario semanal de atención individual ás familias que posibilite a participación.
 - Planificar reunións xerais coas familias e das temáticas que se van abordar.
 - Asesorar as familias sobre o seu papel no proceso de maduración e desenvolvemento dos seus fillos e fillas. Elaboración e difusión de documentos informativos sobre a infancia, adolescencia, relacións persoais, educación afectivo-emocional etc.
 - Informar o alumnado e as familias, ao comezo do curso sobre a vida no centro, especialmente dos principais aspectos que figuran na NOF e na programación xeral.
- M.7.5. Diseñar e desenvolver, en colaboración co departamento de orientación, algún programa facilitador da detección precoz de dificultades de convivencia e de relación.
- M.7.6. Establecer unha liña de coordinación entre o equipo docente, especialmente no que atinxe os aspectos metodolóxicos.
- M.7.7. Unificar medidas e procedementos de intervención e modelos de informes.
- M.7.8. Establecer unha liña de coordinación entre os distintos niveis, ciclos e etapas.
- M.7.9. Controlar a puntualidade e o absentismo e informar puntualmente a xefatura de estudos e a familia.
- M.7.10. Colaborar co departamento de orientación nos programas previstos para cada nivel e ciclo, especialmente na posta en marcha das medidas de atención á diversidade.
- M7.11. Incorporar a convivencia aos aspectos que se deben incluír nas sesións de avaliación dos grupos.
- M7.12. Informar trimestralmente o consello escolar da situación da convivencia no centro.
- M7.13. Incorporar un informe sobre a convivencia á memoria anual de cada curso.

Relacións entre o plan de convivencia e o plan de atención á diversidade (PAD)

Exemplificación de actuacións

No Plan xeral de atención á diversidade (PAD), regulado no Decreto 229/2011, concretaranse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo diseña e desenvolve para axeitar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado.

No PAD, e referido ao plan de convivencia, concretaranse aspectos básicos para a convivencia do centro como:

- M.8.1. Desenvolver medidas e actuacións de tipo curricular, relacional e organizativo para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas.
- M.8.2. Optimizar a organización dos recursos do centro para dar resposta ás necesidades de todo o alumnado e en particular daquel con necesidade específica de apoio educativo.
- M.8.3. Elaborar as liñas de colaboración con pais/nais e con diferentes servizos externos ao centro para lle dar resposta á diversidade.
- M.8.4. Concretar e desenvolver os principios de atención á diversidade nas decisións de carácter pedagóxico, organizativo e de xestión do centro.
- M.8.5. Establecer procedementos para a escolarización e atención do alumnado procedente do estranxeiro.
- M.8.6. Organizar as medidas ordinarias e extraordinarias de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo para contribuír á consecución das competencias básicas e dos obxectivos das diferentes etapas e ensinanzas.

Anexo 11

Responsables das actuacións

Cada unha das actuacións debe ter asignada unha persoa ou persoas responsables desta.

Posibles responsables das actuacións

- Comisión de convivencia.
- Equipo directivo, ou calquera dos seus membros de xeito individual.
- Departamento de orientación, ou calquera dos seus membros de xeito individual.
- Equipo de tutores/as (PAT), ou calquera profesor titor individualmente.
- Comisión de coordinación pedagóxica.
- Consello escolar.
- Claustro.
- Departamentos didácticos.
- Equipos de ciclo.
- Profesorado titor.
- Profesorado especialista.
- Profesorado en xeral.
- Equipo de mediación, ou calquera dos seus membros de xeito individual.
- Inspección educativa.
- Axentes externos ao centro (outras administracións, asociacións, fundacións, ONG...) deberán explicitarse.
- Outros.

Anexo 12

Temporización e recursos

Posible temporización

- Primeiro trimestre do curso.
- Primeiro trimestre do curso.
- Primeiro trimestre do curso.
- Varias mensualidades (bimestre, semestre...).
- No mes de
- Día... (data concreta).
- Outros.

Posibles recursos

- Documentos do centro: PEC, PAT, PAD, NOF, plan de convivencia, protocolos (de acoso escolar, de mediación...), normas de convivencia...
- Programacións didácticas.
- Estratexias metodolóxicas: aprendizaxe cooperativa, traballo en grupo...
- Programas específicos de traballo (habilidades sociais, técnicas de traballo intelectual...).
- Materiais elaborados polo propio centro para traballar a convivencia.
- Recursos materiais mercadas polo centro para traballar a convivencia.
- Inspección educativa.
- Equipo de mediación (de existir).
- Escola de nais e pais (de existir).
- Servizos externos ao centro (servizos sociais e de saúde, xurídicos, de seguridade cidadá...).
- Outros.

Anexo 13

Indicadores de logro e instrumentos de avaliación

Para evidenciar o éxito obtido nas distintas accións é preciso seleccionar indicadores de logro. Os indicadores deben ser claros, simples e co obxectivo de acadar unha mellora.

Para medir os indicadores pódense utilizar distintos instrumentos de avaliación:

- Cuestionarios para o alumnado, profesorado e familias ou outros instrumentos acordados.
- Anotacións.
- Instrumentos de autoavaliación para o alumnado.
- Informes dos titores e equipo directivo.
- Informes da comisión de convivencia e consello escolar.
- Reproducións de calquera tipo.
- Diarios.
- Entrevistas.
- Cuestionarios.
- Memoria final de curso, incluíndo valoracións de todos os implicados sobre as repercusións das medidas adoptadas na vida do centro.
- Outros.

Anexo 14

Exemplos de concreción anual do plan de convivencia

Obxectivo	Acción/Actuación	Responsable	Temporización e Recursos	Indicadores de logro / Criterios de avaliación
M3.11. Dispor de procedementos conciliados de resolución de conflitos.	1. Solicitarlles aos distintos colectivos da comunidade educativa propostas de procedementos conciliados.	<ul style="list-style-type: none"> • Orientador/a • Xefe/a de estudos 	1. Antes de rematar novembro. Materiais de lectura sobre o tema como apoio.	1. Obter resposta./ <i>Hai máis de dúas propostas.</i>
	2. A comisión de convivencia redactará os procedementos atendendo ás propostas recibidas.		2. Ao rematar o 1.º trimestre. Materiais de lectura sobre o tema como apoio.	2. Os procedementos foron redactados./ <i>Presen táronse ao consello escolar e á CCP.</i>
	3. Incorporar as propostas ás NOF.		3. Ao rematar o 2.º trimestre. Materiais de lectura sobre o tema como apoio.	3. As propostas foron incorporadas ao NOF.
M2.5. Formar sobre a mediación como técnica de resolución de conflitos.	1. Formación do profesorado titor.	<ul style="list-style-type: none"> • Orientador/a • Xefe/a de estudos 	1. Coñecemento, por parte das titoras e titores, da técnica de mediación ao rematar o 1.º trimestre. Material impreso e charlas relatores.	1. O profesorado recibiu a formación./ <i>Foi valorada positivamente.</i>
	2. Formación, nas sesións de titoría, do alumnado		2. Coñecemento, por parte do alumnado, da técnica de mediación ao rematar o 2.º trimestre. Material impreso e charlas relatores.	2. O alumnado recibiu a formación./ <i>Foi valorada positivamente.</i>
	3. Constitución e formación de equipos de mediadores.		3. Ter equipos de mediación formados ao rematar o curso. Protocolo escrito.	3. Os equipos están constituídos./ <i>A formación valrouse positivamente.</i>

Obxectivo	Acción/Actuación	Responsable	Temporización e Recursos	Indicadores de logro / Criterios de avaliación
M7.2. Fomentar a integración do novo alumnado e profesorado, desenvolvendo accións que favorezan a adaptación dos novos alumnos e alumnas, profesores e profesoras, e a súa interacción co resto do alumnado e do profesorado.	1. Elaboración de programas de acollida.	Orientador/a	1. Antes de rematar novembro. Materiais varios.	1. Obter resposta./ <i>Hai máis de dúas propostas.</i>
	2. Desenvolvemento das accións previstas no programa de acollida do alumnado de nova incorporación (durante o proceso de admisión, durante a matriculación, durante a incorporación, nas transicións de etapa...).		2. Ao rematar o 1.º trimestre. Materiais varios.	2. Os procedementos foron redactados./ <i>Presentáronse ao consello escolar e á CCP.</i>
	3. Desenvolvemento das accións previstas no programa de acollida do profesorado de nova incorporación (ao comezo do curso e ao longo deste).		3. Ao rematar o 2.º trimestre. Materiais varios.	3. As propostas foron incorporadas ás NOF.

Anexo 15

Crterios para a avaliación anual da convivencia escolar nos centros educativos

Crterios	Algúns aspectos que hai que considerar
1. Evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior.	<ol style="list-style-type: none">1. Existen informes anuais nos que se recollan clasificados os conflitos detectados?2. Como se considera a evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior?3. Os obxectivos do plan de convivencia determínanse a partir de informes anuais e outras evidencias contrastables?
2. Alcance do plan de convivencia.	<ol style="list-style-type: none">1. Recolle valores e actitudes (acolida, coeducación, competencia social, comunicación, educación emocional, educación para a paz, inclusión, mediación, símbolos identitarios)?2. Recolle resolución de conflitos (absentismo, conflitos leves, conflitos graves)?3. Afecta á organización escolar (estrutura e xestión dos recursos, participación, normas)?
3. Cumprimento dos obxectivos propostos no plan de convivencia.	<ol style="list-style-type: none">1. Alcanzáronse os obxectivos propostos no plan de convivencia?2. O plan de convivencia deu resposta a aspectos que inciden na convivencia escolar nos tres ámbitos de actuación (aula, centro e contorno)?
4. Renovación do plan de convivencia.	<ol style="list-style-type: none">1. Existe un procedemento de renovación anual do plan de convivencia?2. O plan aválíase anualmente e fanse propostas de mellora?
5. Desenvolvemento das actividades incluídas no plan de convivencia	<ol style="list-style-type: none">1. Faise un seguimento periódico do plan?2. As actividades desenvolvéronse coa temporización prevista?3. O desenvolvemento das actividades produciu os efectos esperados?
6. Implicación no plan dos diferentes sectores da comunidade educativa.	<ol style="list-style-type: none">1. Cal é o grao de implicación do profesorado na prevención e resolución de conflitos?2. Cal é o grao de implicación do persoal de administración e servizos na prevención e resolución de conflitos?3. Implicouse o alumnado nas actuacións de mediación?4. Cal foi o grao de colaboración das familias nas diferentes actuacións de corrección levadas a cabo no centro?
7. Funcionamento da comisión de convivencia do centro.	<ol style="list-style-type: none">1. Cantas veces se reuniu ao longo do curso?2. Cales foron os principais temas tratados?3. Realizou o seguimento do plan de convivencia?4. Colaborou na planificación de medidas preventivas e na resolución de conflitos no centro?

Criterios	Algúns aspectos que hai que considerar
8. Coordinación dos órganos do centro para a mellora da convivencia.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Existe a figura de coordinador da convivencia no centro? 2. Dáse resposta ás súas necesidades formativas? 3. Cal foi a colaboración do/a xefe/a de estudos, dos/as titores/as e da comisión de coordinación pedagóxica co departamento de orientación no desenvolvemento das actividades previstas no plan de convivencia? 4. Cal foi a colaboración do/a xefe/a de estudos, dos/as titores/as e da comisión de coordinación pedagóxica co departamento de orientación no desenvolvemento na aplicación do plan de acción tutorial? 5. Cal foi o grao de colaboración e coordinación do departamento de orientación e o EOE?
9. Actividades formativas á comunidade educativa para mellora da convivencia.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Realizáronse actividades formativas dirixidas á mellora da convivencia? 2. Cal foi a resposta e a implicación nas actividades dos diferentes sectores da comunidade educativa?
10. Existencia, e coñecemento, de protocolos propios de actuación en situacións de conflito, incluíndo condutas reprobables acaecidas fóra das aulas, en función de características específicas.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Existen protocolos claros e definidos de actuación? 2. Recóllense nestes os documentos nos que o profesorado formalice por escrito os feitos constatados? 3. Existe un procedemento de actualización dos protocolos? 4. Os ditos protocolos son coñecidos e as versións actualizadas están á disposición de todos os membros da comunidade educativa afectados por eles?
11. Existencia, e coñecemento, de protocolos de actuación encamiñados á detección, prevención e tratamento de situacións de acoso.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Existen protocolos claros e definidos de actuación? 2. Inclúen estes protocolos o illamento ou baleiro social e o acoso informático? 3. Recóllense neles os documentos nos que o profesorado formalice por escrito os feitos constatados? 4. Os ditos protocolos son coñecidos por todos os membros da comunidade educativa? 5. A dirección do centro nomea a unha persoa responsable da atención á vítima?
12. Existencia dun protocolo de funcionamento da aula de convivencia inclusiva.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Existe un protocolo? 2. Hai profesorado nomeado especificamente para a organización e atención da aula de convivencia? 3. Está elaborado, e utilízase na aula de convivencia, un programa de habilidades sociais?
13. Existencia de procedementos conciliados de resolución dos conflitos.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Existe máis dun procedemento conciliado de resolución de conflitos de convivencia? 2. O alumnado e as familias solicitan utilizar procedementos conciliados? 3. Cando se utilizaron os ditos procedementos, favoreceron a resolución do conflito?

Criterios	Algúns aspectos que hai que considerar
<p>14. Existencia, e coñecemento, de propostas de acción específicas encamiñadas a favorecer a inclusión, así como a mellora da convivencia a través do éxito académico.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Existen protocolos de actuación ante o absentismo e o abandono escolar temperán? 2. Existen mecanismos de detección temperá nos casos de desatención familiar ou situacións externas ao centro que teñan repercusión sobre a escolarización do alumnado? 3. Entre os obxectivos do plan de convivencia recóllese favorecer os cambios metodolóxicos que potencien o éxito académico? 4. Demandáronselles propostas de actuación para a mellora do éxito académico aos departamentos didácticos e á comisión de coordinación pedagóxica? 5. Os departamentos didácticos e a comisión de coordinación pedagóxica fixeron propostas neste sentido? 6. Desenvolvéronse accións específicas encamiñadas a favorecer a inclusión e a mellora da convivencia a través do éxito académico?
<p>15. Existencia dun programa específico para o desenvolvemento da competencia social e cidadá.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Está elaborado o programa de habilidades sociais? 2. Trátase de forma transversal a competencia social e cidadá? 3. Elabóranse programas nos que se traten contidos como aprender a pensar, educación emocional, educación en valores e habilidades sociais?
<p>16. Valoración global da situación da situación da convivencia escolar no centro.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Establecéronse mecanismos para medir o grao de satisfacción da comunidade educativa coa situación da convivencia no centro? 2. Cal é o grao de satisfacción da comunidade educativa en relación coa convivencia no centro? 3. Cales son as principais propostas de continuidade e mellora?

Anexo 16

Informe de seguimiento e avaliación anual do plan de convivencia

Critério	Puntuación (0-10)	Observacións
Evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior. <i>Moi negativa: 0 Moi positiva: 10</i>		
Alcance do plan de convivencia. <i>Non hai plan: 0 Alcance moi amplo:10</i>		
Cumprimento dos obxectivos propostos no plan de convivencia. <i>Non se cumpriu ningún: 0 Cumpríronse todos:10</i>		
Renovación do plan de convivencia. <i>Non se renova: 0 Renóvase anualmente:10</i>		
Desenvolvemento das actividades incluídas no plan de convivencia. <i>Non se desenvolveu ningunha: 0 Desenvolvéronse todas: 10</i>		
Implicación no plan dos diferentes sectores da comunidade educativa. <i>Non hai implicación: 0 Implicación total: 10</i>		
Funcionamento da comisión de convivencia do centro <i>Moi deficitario: 0 Excelente:10</i>		
Coordinación dos órganos do centro para a mellora da convivencia <i>Non existiu coordinación: 0 A coordinación foi moi alta: 10</i>		
Actividades formativas para membros da comunidade educativa dirixidas á mellora da convivencia <i>Non existen: 0 Fixéronse un gran número: 10</i>		
Existencia, e coñecemento, de protocolos propios de actuación en situacións de conflito, incluíndo condutas reprobables acaecidas fóra das aulas, en función de características específicas <i>Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia:10</i>		
Existencia, e coñecemento, de protocolos de actuación encamiñados á detección, prevención e tratamento de situacións de acoso? <i>Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia:10</i>		
Existencia dun protocolo de funcionamento da aula de convivencia inclusiva. <i>Non existe: 0 Existe e é moi eficaz: 10</i>		
Existencia de procedementos conciliados de resolución dos conflitos. <i>Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia: 10</i>		
Existencia, e coñecemento, de propostas de acción específicas encamiñadas a favorecer a inclusión, así como a mellora da convivencia a través do éxito académico <i>Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia: 10</i>		
Existencia dun programa específico para o desenvolvemento da competencia social e cidadá <i>Non existe: 0 Existe e é moi eficaz: 10</i>		
Valoración global da situación da situación da convivencia escolar no centro <i>Moi negativa: 0 Moi positiva: 10</i>		
PUNTUACIÓN TOTAL		

